

# CICLO PRINCIPAL

 **TEATRO**  
Rosalía Castro  
**OUTONO**  
2026

# CICLO PRINICI- PAL

 **TEATRO**  
Rosalía Castro  
**OUTONO**  
2026

# CICLO PRINCIPAL

 **TEATRO**  
Rosalía Castro

OUTONO 2026

Venres 11 e sábado 12 de setembro  
**AS GARDIÁS OU  
O NÓ DO TECELÁN**

Venres 25 e sábado 26 de setembro  
**UBASUTE**

Venres 02 e sábado 03 de outubro  
**EL INVENCIBLE  
VERANO DE LILIANA**

Venres 16 e sábado 17 de outubro  
**ADOLESCENCIA  
INFINITA**

Venres 06 e sábado 07 de novembro  
**LA DESCONQUISTA**

Venres 13 e sábado 14 de novembro  
**EL ENTUSIASMO**

Venres 20 e sábado 21 de novembro  
**VIOLENCIA**

Sábado 28 de novembro  
**LA BARRACA**

Venres 11 e sábado 12 de decembro  
**LIBRES!!!**

Domingo 13 de decembro  
**BLACK BOX –  
UNHA SAGA ÉPICA**

Venres 18 e sábado 19 de decembro  
**EL BARBERO DE  
PICASSO**

Domingo 27 de diciembre  
**EL REY DE LA  
FARÁNDULA**



# AS GARDIÁS OU O NÓ DO TECELÁN

Venres 11 e sábado 12 de setembro

Produción de Teatro de Ningures

## AS GARDIÁS OU O NÓ DO TECELÁN

De Nasser Djemai

O humilde piso de Rosa, nun vello edificio no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio acolledor dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa (que se topa nunha cadeira de rodas) e as súas compañeiras, Ana, Marga e Susana, son operarias xubiladas da industria téxtil, e están decididas a preservar a súa independencia. Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do ben envellecer. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as vellas mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria de que a súa é a postura mellor.

A peza, *As gardiás*, reflexiona sobre os coidados á vellez, contrastando o mundo das residencias protexidas co calor humano da familia e a comunidade. O autor, Nasser Djemai, narra con sensibilidade a resistencia destas “gardiás” contra a inclemente modernidade. A través das vivencias destas mulleres, a peza explora o desexo de vivir e a solidariedade comunitaria, e nos interpela a todas as persoas sobre como, onde e con quen queremos envellecer.

**Reparto:**

Casilda Alfaro, Melania Cruz, Pepa Barreiro,  
Rebeca Montero, Sonia Rúa

**Equipo artístico/técnico:**

Dirección: Cristina Domínguez  
Tradución: Henrique Harguindey  
Adaptación: Vanesa Sotelo  
Escenografía e vestuario: Carlos Alonso  
Deseño gráfico, vídeo e fotografía: Diego Seixo  
Espazo sonoro: Héctor Pazos  
Iluminación: Héctor Pazos, Salvador del Río

**Duración estimada:**

90 minutos (sen intermedio)

**Entradas:**

Tarifa B

# UBASUTE



Venres 25 e sábado 26 de setembro

Producción Berrobambán

## UBASUTE

De Paula Carballeira

Hai linguas que só teñen unha palabra para o abandono, pero iso non quere dicir que non haxa diferentes maneiras de deixar para sempre algo, alguén, a ti mesma, e pouco importa que intentes cambiar de espazo que creas que indo ao Xapón conseguirás afastar de ti o abafo, a culpa ou as pantasma. Non existe un lugar no mundo onde fuxir da poesía, e a poesía trae de volta os recordos.

Ubasute é un termo xaponés que significa literalmente “abandono dunha anciá” e que se refire ao presunto costume de deixar a un parente vello ou enfermo nunha montaña ou nun lugar afastado.. Existen alusións dese costume na tradición oral de numerosas culturas, pero ningunha proba.

**Reparto:**

Rocío González, Xosé Barato, Lez Cameselle

**Equipo artístico/técnico:**

Dirección: Vanesa Sotelo

Dramaturxia: Paula Carballeira

Música: Nacho Sanz

Espazo sonoro: Nvelar

Espazo escénico: Beatriz de Vega

Iluminación: Chiqui Pereira

Vestuario: Lola Armesto

**Duración estimada:**

60 minutos (sen intermedio)

**Entradas:**

Tarifa B

# EL INVENCIBLE VERANO DE LILIANA



Venres 02 e sábado 03 de outubro

Producción de Tresillo en colaboración co Centro de Cultura Contemporánea Conde Duque

## EL INVENCIBLE VERANO DE LILIANA

De Cristina Rivera Garza, adaptación teatral de Amaranta Osorio

Gañadora do Premio Pulitzer 2024, *El invencible verano de Liliana* da recoñecida escritora mexicana Cristina Rivera Garza, érguese como un testemuño luminoso e conmovedor que transforma a dor nun acto de amor, memoria e xustiza. É unha historia profundamente íntima que, con todo, nos interpela a todos.

Rivera Garza entrelaza o testemuño persoal, á investigación documental e á forza da literatura para render homenaxe á súa irmá Liliana, unha nova vítima de feminicidio en 1990. A súa historia —marcada pola violencia estrutural dun sistema que aínda persiste— é tamén a de miles de mulleres silenciadas no mundo. Non é só un exercicio de duelo, senón un acto político de recuperación da palabra, da dignidade e da xustiza. Abre un espazo para a memoria colectiva desde a tenrura, a lucidez e a coraxe.

### Reparto:

Cecilia Suárez

### Equipo artístico/técnico:

Dirección: Juan Carlos Fisher

Escenografía e iluminación: Ingrid SAC

Videoscena: Emilio Valenzuela

Composición orixinal e deseño de espazo sonoro: Alex Aller

Estilismo: Blancopop

Deseño e realización de vestiario: Maison Mesa

Asistente de dirección: Rómulo Assereto

Distribución: Fran Ávila

### Duración estimada:

80 minutos (sen intermedio)

### Entradas:

Tarifa E

# ADOLESCEN- CIA INFINITA



Venres 16 e sábado 17 de outubro

Produción de Escalante creada por Pont Flotant

## ADOLESCENCIA INFINITA

De Pont Flotant

*Adolescencia Infinita* móstranos a tres adultos tentando entender a adolescencia, a actual, pero tamén a súa propia. Que segredos tiñamos que nunca revelamos a ninguén? Como nos relacionabamos cos adultos? Que recuperaríamos daqueles anos... e que desexaríamos borrar?

A través do humor, a ironía e a tenrura, e cunha coidada plástica, música en directo e moita hormona adolescente, enerxía desbocada, de festa incontrolada, de berros, risas e choros. Pont Flotant pon esta vez o foco nun proceso vital cheo de luces e sombras, unha etapa crucial coa que nos custa relacionarnos.

### Reperto:

Joana Alfonso, Yolanda García,  
Jesús Muñoz, Javi Vega

### Equipo artístico/técnico:

Dirección, texto e dramaturxia: Joan Collado,  
Jesús Muñoz, Pau Pons (Pont Flotant)  
Espazo escénico, vestiario e caracterización: Joan Collado  
Diseño de iluminación: Marc Gonzalo (All)  
Espazo sonoro: Alfonso García  
Composición musical: Alfonso García, Javi Vega

### Duración estimada:

80 minutos (sen intermedio)

### Entradas:

Tarifa A

# LA DESCON- QUISTA



Venres 06 e sábado 07 de novembro

Produción de Ron Lalá

## LA DESCONQUISTA

De Ron Lalá

Finais do século XVI. A bordo dunha barca á deriva, tres náufragos reman para alcanzar as costas do Novo Mundo. O capitán Hernán Galán busca a gloria, o mariño Fulano busca o ouro, o misioneiro frei Pío busca almas para a fe. Os tres vivirán mil peripecias e desventuras en alta mar e en costas descoñecidas para descubrir que ninguén é quen di ser e nada é como parece. E descubrindo o Novo Mundo quizá se descubran a si mesmos...

*La Desconquista* é unha comedia burlesca, cómica e musical, baseada nas crónicas do Descubrimiento. Unha viaxe disparatada aos soños e ambicións imperiais ao máis puro estilo de Ron Lalá: cinco actores-músicos, teatro en verso, clásico á maneira do Século de Ouro, música en directo, ritmo desenfreado e, sobre todo, moitas gargalladas. Unha festa escénica e musical que vira ao redor das ambicións, obsesións, medos e angustias do Imperio onde non se poñía o sol, no seu afán de conquista e no seu pasmo ante a nova realidade dun continente aínda descoñecido. Unha visión mordaz e delirante con textos e música orixinais, humor vertixinoso, poesía escénica e un quinteto de comediantes inimitables. Ron Lalá lánzase á Desconquista!

### Reparto:

Juan Cañas, Miguel Magdalena, Diego Morales,  
Luis Retana, Daniel Rovalher

### Equipo artístico/técnico:

Dirección: Yayo Cáceres

Dramaturxia e letras: Álvaro Tato

Composición e arranxos: Yayo Cáceres, Juan Cañas, Miguel  
Magdalena, Daniel Rovalher

Dirección musical: Miguel Magdalena

Vestuario: Tatiana de Sarabia

Escenografía: Ron Lalá, Tatiana de Sarabia

Iluminación: Miguel Ángel Camacho

### Duración estimada:

80 minutos (sen intermedio)

### Entradas:

Tarifa A



# EL ENTUSIASMO



Venres 13 e sábado 14 de novembro

Coprodución de Centro Dramático Nacional, Teatro Kamikaze coa participación de Crea SGR

## EL ENTUSIASMO

De Pablo Remón

Estruturada nun prólogo e catro partes que funcionan case de maneira independente, *El entusiasmo* son varias obras nunha. Un caleidoscopio de estilos diferenciados, que se complementan e mesmo se contradin, cuxa columna vertebral segue a vida dunha parella: os seus conflitos persoais, as súas crises matrimoniais, a súa relación coa maternidade/paternidade. E tamén os seus soños, os seus desexos, os seus recordos, os seus relatos e narracións. A obra vincula o tema do entusiasmo na vida dos personaxes co entusiasmo pola narración e por contar historias. Algunhas destas historias céntranse no pequeno, no mundo da parella, a maternidade/paternidade e as súas complexidades, outras se afastan da historia principal e lévannos a outros personaxes e outros mundos. Nada se resolve demasiado, nada se soluciona. Porque, como escribe a autora Sarah Manguso no seu libro 300 razóns: "Quizá valla a pena renunciar ao matrimonio polo sexo e quizá valla a pena renunciar ao sexo polo matrimonio. Quizá valla a pena renunciar á maternidade polo traballo e quizá valla a pena renunciar ao traballo pola maternidade. Cada caso é ortogonal con respecto a todos os demais. Ese é todo o problema"

### Reparto:

Francesco Carril, Natalia Hernández, Raúl Prieto, Marina Salas

### Equipo artístico/técnico:

Texto e dirección: Pablo Remón

Escenografía: Monica Boromello

Iluminación: David Picazo

Deseño de vestuario: Ana López Cóbos

Espazo sonoro: Sandra Vicente

Axudante de dirección: Juan Ollero

### Duración estimada:

125 minutos (sen intermedio)

### Entradas:

Tarifa ENTUSIASMO

PREMIOS TALÍA 2026

Nominación Premio Mellor Autoría de teatro de texto: Pablo Remón

FINALISTA XXIX PREMIOS MAX 2026

Mellor Espectáculo Teatral

# VIOLENCIA



Venres 20 e sábado 21 de novembro

Produción de Pilar de Yzaguirre, Ysarca Art Promotions

## VIOLENCIA

De Fran Kranz

Martín e Beatriz seguen chorando a perda do seu fillo, vítima dun tiroteo escolar. Ricardo e Amelia son os pais do adolescente responsable, que se suicidou tras o masacre. Seis anos despois, as dúas parellas acordan reunirse. O que comeza como un intento de entender o pasado convértese nun proceso doloroso pero necesario. Falan da infancia dos seus fillos, do acoso escolar, da soidade, do arrepentimento e do duelo. Ricardo e Amelia cargan coa culpa de non ver os sinais. Martín e Beatriz coa rabia de perdelo todo. Pero no medio do abismo, xorde a posibilidade do perdón. Un xesto pequeno, silencioso, transfórmao todo: cóllense das mans. E por un instante, hai luz. Hai vida. Hai futuro.

**Reperto:**

Esther Ortega, Cecilia Freire, Jorge Kent, Ignacio Mateos, Diego Garrido Sanz, Abel de la Fuente / Ines Diego Freire ou Guillermo Yagüe Noya.

**Equipo artístico/técnico:**

Dirección: Diego Garrido Sanz

Diseño de iluminación: David Picazo

Diseño de espazo escénico: Diego Garrido Sanz

Vestuario: Conchi Espejo

**Duración estimada:**

95 minutos (sen intermedio)

**Entradas:**

Tarifa E

# LA BARRACA



Sábado 28 de novembro

Producción de Teatro de Malta, Pentación Espectáculos, Olympia Metropolitana

## LA BARRACA

De Blasco Ibáñez adaptación de Marta Torres

Baseada na novela de Blasco Ibáñez, *La Barraca* conta o rexeitamento ao que se ve sometida a familia de Batiches Borrull ao instalarse nunha barraca e nunhas terras da horta valenciana que anteriormente traballaron varias xeracións doutra familia chamada Barret. Os hortelanos da zona, arrendatarios todos eles, pretenden manter ermas esas terras como símbolo de poder fronte aos seus arrendadores. O conflito irá crescendo de intensidade ata converterse en traxedia.

A historia que conta *La Barraca* conmociona pola actualidade dos seus personaxes e dos seus conflitos. *La barraca* fala da subida inxustificada dos alugueres, de desafiuamentos, de acoso infantil e do enconado enfrontamento entre nativos e inmigrantes.

### Reparto:

Daniel Albaladejo, Antonio Hortelano, Patricia Ross, Jorge Mayor, Antonio Sansano, Claudia Taboada, Elena Alférez, Jaime Riba

### Equipo artístico/técnico:

Dirección: Magüi Mira  
Axudante de dirección: Guillermo Delgado  
Composición musical: Santi Martínez  
Deseño de escenografía: Curt Allen, Leticia Gañán (Estudio DEDOS AAEE)  
Deseño de vestuario: Magüi Mira  
Deseño de iluminación: José Manuel Guerra  
Coreografía: Marta Gómez

### Duración estimada:

90 minutos (sen intermedio)

### Entradas:

Tarifa E



# BLACK BOX – UNHA SAGA ÉPICA



**Domingo 13 de decembro**

Hugo Torres en coprodución co Centro Dramático Galego, Festival Escenas do Cambio, Cidade da Cultura de Galicia, Festival Fitei (POR), Novo Ciclo - Acert (POR)

## BLACK BOX – UNHA SAGA ÉPICA

De Gabriel Calderón, Hugo Torres

Que teñen en común un mariñeiro da armada de Vasco da Gama —a primeira en abrir a ruta marítima cara ás Indias—, un bandoleiro que decidiu impartir xustiza á marxe do rei, unha mestra de comezos do século XX que fundou unha compañía de monicreques e un pintor que cruzou o Mediterráneo nun pequeno barco na procura da liberdade? Todos eles son os meus devanceiros.

Durante os últimos cincocentos anos, as súas vidas avanzaron en paralelo aos grandes movementos da Historia: a expansión marítima, as ditaduras, as resistencias, os exilios. Este relato familiar non pretende corrixir a Historia oficial, senón mirala desde quen a viviu en primeira persoa. Na miña familia lembramos os nosos antepasados arredor da mesa; alí compartimos non só a comida, senón tamén a súa memoria.

*Black Box* é un espectáculo íntimo e performativo concibido polo creador de escena e compositor Hugo Torres, no que o acto de cociñar se converte no eixe narrativo e sensorial da experiencia.

**Reparto:**

Hugo Torres

**Equipo artístico/técnico:**

Texto e dramaturxia: Gabriel Calderón, Hugo Torres

Dirección e interpretación: Hugo Torres

Escenografía e estilismo: Marta Pazos

Iluminación: Iván Casal

Música Orixinal: Hugo Torres

Distribución: Carlos M. Carbonell – Crémilo

**Duración estimada:**

60 minutos (sen intermedio)

**Entradas:**

Tarifa B

# EL BARBERO DE PICASSO



Venres 18 e sábado 19 de decembro

Produción Teatro Español, Amor al teatro

## EL BARBERO DE PICASSO

De Borja Ortiz de Gondra

Nos anos 1950, en Vallauris (Francia), dous republicanos españois exiliados iniciaron unha amizade que se faría inquebrantable e duraría ata o final das súas vidas. Un era o xenio da arte máis famoso do mundo, Pablo Picasso; o outro, un modesto barbeiro que lle cortaba o escaso pelo. A eses dous homes tan dispares uniríanlles para sempre a nostalgia do país perdido, a paixón pola tauromaquia, o compromiso político. Todo o demais separáballes, e a creación dunha escultura dunha cabra por parte de Picasso con materiais de refugallo sería o desencadenamento dunha infinidade de hilarantes malentendidos.

*El barbero de Picasso* é unha comedia agridoce na que, inspirándome na figura de Eugenio Arias, o modesto peruqueiro republicano que chegou a converterse nos anos 1950 no mellor amigo de Pablo Picasso en Francia, quixen render homenaxe aquela amizade inquebrantable e aos dous homes que a forxaron.

**Reperto:**

Antonio Molero, Pepe Viyuela, Mar Calvo,  
José Ramón Iglesias

**Equipo artístico/técnico:**

Dirección Chiqui Carabante  
Escenografía: Walter Arias  
Vestuario: Salvador Carabante  
Iluminación: José A. Tarín  
Axudante de dirección: Pablo M. Bravo

**Duración estimada:**

90 minutos (sen intermedio)

**Entradas:**

Tarifa PICASSO

# EL REY DE LA FARÁNDULA



Domingo 27 de diciembre

Producción de Lazona

## EL REY DE LA FARÁNDULA

De Ángel Ruiz

O reinado de Felipe IV representou o máximo apoxeo das artes no Imperio español, con figuras como Lope de Vega, Calderón de la Barca, Quevedo e Velázquez brillando na corte. Con todo, tamén marcou o inicio do declive do imperio, con guerras, corrupción e a decadencia da Casa dos Habsburgo.

Neste contexto, xorde un personaxe misterioso e fascinante, mestura de actor, cómico, cantante e bufón, que serve de fío condutor en *El Rey de la Farándula*. A través deste cabaré do Século de Ouro, este personaxe — amante, confidente e espía—transporta ao público entre épocas, revelando secretos e anécdotas da corte de Felipe IV. Cun ton sarcástico, provocador e á vez conmovedor, ofrécenos unha visión humana e emocional do monarca e o seu tempo. Cunha estética andróxina e barroca, e acompañado do seu inseparable pianista, interpretará cancións renacentistas e barrocas de Monteverdi, José Marín e Juan Hidalgo, ademais de temas contemporáneos. Recitará poemas de Quevedo e interpretará pasaxes de Lope e Calderón, construíndo un espectáculo versátil, vibrante e cheo de graza, onde o pasado e o presente fúndense sen barreiras temporais.

**Reparto:**

Ángel Ruiz, Bru Ferri

**Equipo artístico/técnico:**

Dramaturxia, dirección e interpretación: Ángel Ruiz

Dirección musical e piano: Bru Ferri

Axudante de dirección: Daniel Migueláñez

Deseño de vestuario: Almudena Rodríguez Huertas

Deseño de iluminación: Rodrigo Ortega

Deseño de escenografía: Beatriz San Juan,

Arantxa López Melero

Deseño de son: Kike Mingo

Material visual: Gonzalo Bernal

Dirección de produción: Miguel Cuervo

Distribución: Julio Muncio

**Duración estimada:**

80 minutos (sen intermedio)

**Entradas:**

Tarifa E

PREMIOS TALÍA 2026

Premio Mellor Actor de teatro de texto: Ángel Ruiz  
Nominación Mellor música orixinal: Bru Ferri

NOMINACIÓN XXIX PREMIOS MAX 2026

Mellor autoría teatral: Ángel Ruiz

## HORARIOS

Todas as funcións representaránse ás 20.30 h, agás as funcións en domingo que comezarán ás 19.00 h; (Black Bax e El rey de la Farándula).

Puntualidade: unha vez que comece o espectáculo non se permitirá acceder á sala.

## ENTRADAS

· Tarifa ENTUSIASMO/PICASSO: 25'00, 20'00, 15'00, 10'00 €

· Tarifa ESPECIAL: 21,50 €; 15,00 €; 13,00 €; 9,50 €

· Tarifa A: 18,00 €; 14,00 €; 11,00 €; 8,50 €

· Tarifa B: 14,00 €; 10,00 €; 8,00 €; 6,50 €

· Localidades de visibilidade reducida -butacas comprendidas entre a 37 e a 57 e a 36 e 56 en TERTULIA-: 5,00 €.

· Localidades Mobilidade reducida: establécese o prezo menor da tarifa correspondente ao espectáculo.

## DESCONTOS

Carné xove, maiores 65 anos, desempregados: -20%

Familias numerosas: - 25%

Grupos + 20 persoas, en compra anticipada -50%

Os descontos de ABONOS, de carné xove, de + 65 anos, desempregados, familias numerosas e grupos de + 20 persoas en compra anticipada, non son acumulables entre sí.

## VENDA DE BILLETES

· Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de 11.00 a 15:00 h e de 16:30 a 19:30 h

· Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro: aberto só os días de función, de 16:00 ao inicio da función

· En liña: Ataquilla.com. Servizo permanente 24 h.

## PAGOS

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e en liña con tarxeta de débito ou crédito.

## 🔊 PARA OÍR MELLOR

O TRC dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa.

Para máis información, preguntar ao persoal de sala.

## MÁIS INFORMACIÓN

[www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura) e nas redes sociais do Teatro Rosalía Castro.





Concello da Coruña